



N. Expediente	155/2024
F. Apertura	16/01/2024
Serie documental	S0600 - Subvención recibida pola corporación local doutra administración (entrada xenérica)
Asunto	TRAVESÍA SAN XOÁN E CAMIÑO LIÑARES: PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRICOLAS (2024-2025).PLAN MARCO
Trámite	Mellora xustificativa.

PRIMEIRO.- DESCRICIÓN DO CONTRATO

“MELLORA DO FIRME EN TRAVESÍA SAN XOÁN E CAMIÑO LIÑARES, CONCELLO DE POIO” cuxa calificación xurídica según o artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, como contrato de obras.

Vocabulario común do contrato (CPV):

45111000-8 Traballos de demolición, explanación e limpeza do terreo.

45200000-9 Traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil.

SEGUNDO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.

As obras a realizar consisten en:

Demolicións / movementos de terras:

Fresado do tramo obxecto de actuación nos entronques co firme existente en 2 puntos, co fin de manter a mesma rasante do terreo.

Limpeza dos cordóns de terra vexetal nas marxes, con carga e retirada do material.

Corte do firme existente para proceder á posterior demolición de dito firme e executa-la gabia onde deberemos aloxar as conducións de pluviais.

Conducións e obras de fábrica:

Proxéctase a instalación de 125 metros lineais de tubería PVC 315 SN4 para drenaxe de augas pluviais, ademais da execución de 4 pozos de rexistro que completen a rede.

Para mellorar o funcionamento da rede e complementar estas actuacións, instalaranse un total de 25 metros lineais de canal con rexilla de fundición que faciliten a labor da drenaxe lonxitudinal.

A tubería a instalar desagüará na rede de pluviais existente.

Pavimentación:

Para a superficie xa asfaltada está previsto a limpeza do firme actual mediante barrido. En canto ás gabias, tralo recheo, procederáse ó aporte de 20 cm de macadam 32/63 debidamente compactada e preparada para recibir





ó firme bitumunoso. Finalmente, aplicarase unha regadura de imprimación e/ou o adherencia e establecerase unha nova capa de aglomerado en quente de 6 cm de espesor para toda a superficie que se pretende asfaltar.

TERCEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

En cumprimento do establecido no art. 116.4 da LCSP o contrato adxudicarase por procedemento aberto simplificado de acordo co artigo 159.4 LCSP.

Xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias que recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permitan utilización de calquera outro tipo de procedemento (artigo 131.2 da LCSP).

O contrato, por razón da súa contía, non está suxeito a regulación harmonizada.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E DA FÓRMULA DE VALORACIÓN DO CRITERIO ECONÓMICO

Criteria que dependen de un xuízo de valor (Sobre A) :

O contido desta documentación estará limitado a 25 páxinas en tamaño A4 por unha cara ou 12,50 por dúas, podendo empregarse folios tamaño A3 en planos (contarán como unha páxina), sen contar o índice e a portada. O formato será en letra arial, tamaño 12 interlineado 1,15 e texto xustifico.

A oferta económica da empresa licitadora non poderá deducirse en ningún caso de ningún punto desta documentación, de tal modo que se garante que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre B (proposición económica).

Obxecto	
MELLORA DO FIRME EN TRAVESÍA SAN XOÁN E CAMIÑO LIÑARES, CONCELLO DE POIO.	

	CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	PUNTUACIÓN
A1	Análise de condicionantes existentes no entorno da obra	65
A2	Programa de construción das obras (diagrama gantt, diagrama espazo-tempo, inversións mensuais previstas)	35

Os criterios avaliados mediante terán unha puntuación máxima de $A=(A1+A2)*25/100$ puntos.

1.- Análise dos condicionantes existentes no entorno da obra.

Descríbanse os condicionantes externos existentes cara á obra, tales como:

	SUBCRITERIO	PUNTUACIÓN
A1.1	Posibles afeccións a aspectos como os servizos urbanos, facendo especial mención ás afeccións non recollidas no proxecto.	45





	<u>Factores de valoración:</u> definición motivada dos impactos que a execución das obras poida provocar noutros servizos, públicos ou privados, que poidan resultar afectados e solucións propostas para a súa minoración (gas, abastecemento, saneamento, traídas de augas comunais...). Trátase dun factor cualitativo cuxa asignación en puntos terá especialmente en conta a adaptación das medidas á zona afectada sen utilización de propostas estándar.	
A1.2	Proposta de acopio temporal de materiais <u>Factores de valoración:</u> idoneidade da localización	20

Estes subcriterios terán unha puntuación de $A1=(A1.1+A1.2)=65$ puntos.

2.- Programa de construción das obras.

A empresa licitadora debe presentar un programa de construción que asegure a execución das obras no prazo proposto.

O programa deberá ser redactado de acordo coas seguintes instrucións:

O licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades que compoñen a obra, asegurando os rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado. En concreto o licitador facilitará a información seguinte:

SUBCRITERIO		PUNTUACIÓN
A2	Diagrama de Gantt co desenrolo das unidades de obra e con indicación das actividades que condicionan dita obra ó derivarse de actividades críticas, así como a xustificación de rendimentos previstos	35

Estes subcriterios terán unha puntuación de $A2=35$ puntos.

Criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas (Sobre B):

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS		PUNTUACIÓN
B1	Redución do prezo do contrato	35
B2	Porcentaxe destinado a control de calidade sobre o mínimo exigido	15
B3	Aumento de prazo de garantía sobre o mínimo exigido	20
B4	Melloras ofertadas	30

Os criterios avaliados mediante terán unha puntuación máxima de $B=(B1+B2+B3+B4)*75/100$.

B1. Redución do prezo do contrato: valorarase ata con 35 puntos

O valor da baixa ofertada obterase restando ao orzamento base de licitación (sen IVE) o prezo ofertado polo licitador (sen IVE).

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

a) Para baixas (B_i) cuxo valor se atope comprendido entre $B_e < B_i \leq B_E$:





$$PE = 34,5 + (0,5 \left(\frac{Bi}{BE} \right))$$

b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,85*Be < Bi \leq Be$:

$$PE = 33 + 1,5 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,65*Be < Bi \leq 0,85*Be$:

$$PE = 25 + 8 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0 * Be \leq Bi \leq 0,65*Be$:

$$PE = 25 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

PE = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 35,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi \leq Br + \sigma'$ (segundo se definen Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas). Dito cálculo será realizado coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas

B2. Porcentaxe destinado a control de calidade.- Os licitadores poderán ofertar ata un máximo dun 2% a empregar nos ensaios destinados ó control de calidade da obra sobre o orzamento de execución material, a maiores do mínimo esixido no prego (1%), sumando un total do 3%.

Aplicarase unha regra de tres respecto das ofertas presentadas, acadando os 15 puntos o licitador que oferte o 3% do orzamento de execución material a empregar no control de calidade, diminuindo proporcionalmente en función do porcentaxe ofertado.

$$B2 = \frac{A}{2} * 15$$

Sendo:





A: A porcentaxe do control de calidade ofertado

B3. Aumento do prazo de garantía.- Os licitadores poderán ofertar ata un máximo de 36 meses de prazo de garantía sobre o mínimo esixido no prego, que é de 12 meses, conformando un total de 48 meses.

Aplicarase unha regra de tres respecto das ofertas presentadas, acadando os 20 puntos o licitador que oferte a máxima ampliación do prazo de garantía permitida, diminuindo proporcionalmente en función do aumento do prazo de garantía ofertado.

$$B3 = \frac{A}{B} * 20$$

Sendo:

A: O aumento do prazo de garantía ofertado

B: Máximo aumento do prazo de garantía permitido

B4. Melloras ofertadas.- Propóñense as melloras cuantificadas e valoradas que figuran como Anexo ao presente Prego (segundo informe do Enxeñeiro Municipal) que poderán ofertar os licitadores.

Aplicarase unha regra de tres respecto das ofertas presentadas, acadando os 30 puntos o licitador que oferte tódalas melloras propostas, xa valoradas no prego, diminuindo proporcionalmente en función das melloras ofertadas.

$$B4 = \frac{A}{100} * 30$$

Sendo:

A: As melloras ofertadas expresadas en tanto por cento sobre o total das melloras incluídas no prego.

QUINTO.- XUSTIFICACIÓN DO VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O valor estimado do contrato que ascende ao importe de **49.711,59 euros** foi tido en conta para elixir o procedemento de licitación aplicable a este contrato e a publicidade á que vai someterse.

Para o seu cálculo, tense en conta, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos derivados da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura 13%, o beneficio industrial 6%, así como calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato, a contía das primas ou pagamentos que, no seu caso, se prevexan aboar aos candidatos ou licitadores, e o importe máximo das modificacións á alza que se podan prever.

SEXTO.- PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

Por presuposto base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e que neste contrato ascende á cantidade de **60.151,02 €**.

O importe do imposto do valor engadido (21%) ascende ao importe de **10.439,43 €**.





CONCELLO
DE POIO

As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente.

Asinado dixitalmente á marxe na data indicada

O Enxeñeiro Municipal

Jose Luis Arias Rodríguez

